# ÍNDICE

| PÁXINA | ÍNDICE | AUTORES |
|---|---|---|
| 2 | Editorial | Equipo de Normalización |
| | **OCORREU NESTE CURSO** | |
| 3 | O magosto | Cristina Losada |
| 4 | A cabaza | Nenos e Nenas de 2º |
| 4 | A Paz | Martín Brea Castro |
| 5 | Amorodo | 5 Anos A |
| 6 | Pantasmas | Nayla |
| 6 | Plantamos Acelgas | 2º Primaria |
| 6 | Chove | Carla Balado |
| 7 | Portofaro | Victoria |
| 8 | Tarta de chocolate | Alumnos 5 anos |
| 8 | E viñeron as ovellas o cole | Yonny |
| | **SAÍDAS** | |
| 9 | Visita á fábrica de patacas bonilla | Lucía Ramos ● Nerea Lamas |
| 10 | Visita a panadería da Cunha | Educación infantíl 4 anos |
| 10 | Visita a fábrica de patacas bonilla | Mirko ● Alberto |
| 11 | O circo | Adrián Delfín Mella |
| 12 | Fomos todo o colexio ó circo | Ainoa Pascual |
| | **CONTOS** | |
| 13 | O coche voador | Eloi |
| 14 | O páxaro que non sabía ler | Javier Martínez ● Marcos Fernández |
| 14 | Diálogo dun neno con froitas... | Monica García |
| 15 | Os granxeiros | Carmen Omil |
| 16 | O tren da xustiza | Lorena Sánchez |
| 17 | A bolboreta de mil cores | Victoria Pan |
| 18 | A clase fantástica | Carlota |
| 18 | A primaveira | Juan |
| 19 | A primavera | Uxia |
| 20 | Había unha vez os tres porquiños | Mireya |
| 21 | O día en que se pararon todos os coches | Maianca Roel |
| 21 | O merlo branco | Omar Candal |
| 21 | Un regalo para papa noel | Alba Reboredo |
| 21 | Alicia no país das rosquillas | Paula Saavedra |
| 22 | Os marcianos estudian o mundo | Javier Martínez |
| | **RECUNCHO DA POESÍA** | |
| 23 | A contaminación | Nenos/as de 2º de Primaria |
| 24 | Os poemiñas de águeda | Águeda Paz |
| 25 | Os poemiñas de águeda | Águeda Paz |
| 26 | Poema do magosto | 6º A - 6º B |
| | **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** | |
| 27 | Debuxos | Alumnos 5 anos A |
| 28 | María mariño | Inés Pérez |
| | **ENTREVISTAS** | |
| 29/32 | Entrevista | Eva Mª Montero |
| | **VARIOS** | |
| 33 | Semana santa | Miguel Marcos |
| 34 | O plástico | Eva y Lidia |
| 35 | Un dia da miña vida | Iria |
| 36 | Ovos Fritidos | Sandra |
| 36 | Chistes | Alba Becerro |
| 37 | Cambre, a paisaxe máis fermosa da coruña | Nair, Inés , Mª Laura |
| 38 | Concello de cambre | Santiago, Diego, Víctor |
| 39 | Paisaxes de cambre | Lara, Miriam, Tatiana |
| 40 | Igrexa de cambre | Jesús, Ivan, Rubén, Gabriel |

# EDITORIAL

## A educación e  as novas tecnoloxías.

Resulta curioso que na maioría dos ámbitos da vida ( medicina, industria en xeral, cultura…) os avances tecnolóxicos teñen unha aplicación case inmediata. Non ocurre o mismo no ensino. As vellas prácticas escolares perviven moito despois de que as investigacións as deixasen obsoletas. Nin tan siquera as leis de educación teñen poder para facer desistir á escola desta inercia pedagóxica.¿ Por que ocurre isto?. Esta é unha resposta complexa que require un tempo e un espazo do que non dispoñemos no presente artigo.

Ven esto a conto a cerca do tema das novas tecnoloxías. Vivimos na era da información. Todo, ou case todo, nos chega a través da rede. Dende hai mais ou menos uns dez anos, a informática " colouse" en tódolos ámbitos laborais. Pero aquí non, a escola, como sempre impermeable ó entorno, é outro mundo. A informática está chegando pero tímidamente. Empezou con algún PC nos centros. Mais tarde créase a aula de informática. Neste momento algún centro xa está introducindo os ordenadores na propia aula como instrumento de uso, tanto para elaborar materiais, para resolver problemas nas diferentes materias ou para consultar e buscar información. Temos que decir que a motivación e o interés, dos rapaces e rapazas, é moi alto hacia este medio Pero queda moito camiño por percorrer, ¿ata cando?.

O noso centro segue a misma traxectoria. Xa temos algús ordenadores nas aulas, por certo debidos á integración de alumnos con dificultades que lle impiden o normal emprego de medios mais tradicionais. Foi deste xeito como experimentamos a utilidade que poden prestar para a ensinanza, entre outras cousas, da lectura e da escritura, cousa nada menor. Contamos tamén, dende o curso pasado coa páxina web, http//centros.edu.xunta.es/ceipportofaro, a través da cal damos a coñecer, non so o centro, senón tamén todas aquelas actividades e acontecementos que consideramos de interés para a comunidade educativa, e para os usuarios en xeral que queiran consultala. Parte da información está naturalmente en galego. Unha vía axeitada para a promoción da lingua galega.

Para concluir, unha invitación a todos; pais e nais, alumnos e alumnas, institucións do entorno, para que nos visiten e nos poidan coñecer un pouco mellor cada día. Esa é a nosa intención cando colgamos os traballos e toda a  información.

Cambre, 30 de abril de 2007

# OCORREU NESTE CURSO






## O Magosto

O venres, dez de novembro celebrámo-lo Magosto. Antes do recreo fabricamos uns cucuruchos con periódicos e, cando xa iamos baixar ó patio, unhas profesoras levaron a Victoria para que falara polo megáfono. Cando por fin chegamos abaixo, vimos que Clara e Pepe, o profesor de ximnasia, repartían castañas entre millóns de cucuruchos, mentres Carlos removía as que aínda non estaban asadas. Tamén repartiron premios de postres e colares. Da nosa clase participaron Victoria, Tamara e Kevin, que trouxeron tartas que logo probamos to'dolos compañeiros e que estaban riquísimas.










Cristina Losada. Nº 7 6º A.

NENOS E NENAS DE SEGUNDO




A cabaza e o casar
Todo é acertar



A cabaza e o queixo,
Sempre é o peso.




Martín Brea Castro – 4º A



NO



SI

A PAZ

Para min a paz é un mundo sen guerra, sen pobreza, sen racismo e sen pelexas. Pero sí con xusticia, con fábricas que non contaminen o medio ambiente, con xente que se respecte entre si mesma pero, sobre todo, un mundo sen erros.

# AMORODO





1º FOMOS O INVERNADOIRO

2º POÑEMOS O PLÁSTICO



3º COLOCAMOS APLANTA

NOBANCAL





4º CANDO MEDREN...





5 ANOS A




Nenos/as 2º de Primaria

"PLANTAMOS ACELGAS"

Os nenos e nenas de segundo esta primavera imos a plantar acelgas no invernadoiro. Primeiro preparamos a terra nos maceteiros. logo sementamos as acelgas.

Día tras día regamos as sementes ata que nacen as novas plantas. Despois trasplantamos as plantas ao invernadoiro e coidámolas durante a primavera.

Na clase aprendimos que as acelgas son hortalizas que nos proporcionan vitaminas e nos axudan a ter menos enfermidades.

| SEMENTES | NOVAS PLANTAS | PLANTA |
|---|---|---|
| | | |



# PORTOFARO

O colexio "Portofaro" é o meu colexio. A min gústame moito. No colexio hai un patio moi grande cunha pista, que o seu redor hai un campo con moitas árbores. Tamén hai polo medio un patio cuberto cuns bancos. Outra cosa que hai no cole é un pequeno parque cunha casiña. Ademáis temos no patio un invernadoiro



No interior do colexio hai moitas aulas, as clases dos pequenos estan abaixo e as dos grandes arriba. Para subir arriba hai unhas escaleras e unha rampa subida. Os baños do colexio están arriba e abaixo. Tamén, no colexio, temos unha biblioteca bastante grande. O conserxe do novo cole chámase Carlos, é moi bo.

Victoria 6ºA

# TARTA DE CHOCOLATE



NO NADAL OS
NENOS DE 5 ANOS



FIXEMOS 3 TARTAS
DE CHOCOLATE.

ESTABAN MOI RICAS.

ÍSTO FOI O QUE
SOBROU ...



E VIÑERON AS OVELLAS
O COLE





3 AÑOS A

YONNY

# SAÍDAS




VISITA Á FÁBRICA DE PATACAS BONILLA
Fomos no autobus
Puxemos o mandilon
Habria sacos cheos de patacas
unha maquina
Despois de fritian
Metianna nas balsas e estas nas caixas
DEBUXO: LUCIA RAMOS 5 ano
TEXTO: NEREA LAMAS: 5 ano


VISITA Á PANADERÍA DA CUNHA. EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS
SAÍMOS DO COLE NO AUTOBÚS
CHEGAMOS Á PANADERÍA E POÑEMOS OS GORROS
DA CU NHA
XUNTAMOS OS INGREDIENTES E FACEMOS A MASA
AUGA
FARIÑA
LEVADURA
SAL
O PANADEIRO METE O PAN NO FORNO
MENTRAS ESPERAMOS...¡QUÉ MERENDOLA!
O PANADEIRO DALLE O SEU PAN A CADA NENO
VOLTAMOS CÓ PAN NO BUS
XA NA CASA...¡A XANTAR!


VISITA Á FÁBRICA DE PATACAS BONILLA
Fomos no autobús
2 mandilón Pusemos o masa
3 Habia sacos cheos de patacas
unha máquina pelaba e lavaba as patacas
5 Despois se feitian
6 Meteron as nas bolsas e deronnos unha
DEBUXO: MIRKO Saco
TEXTO: ALBERTO Saco

# O CIRCO

O circo é moi chuli.
A min gústame o circo porque me gustan os tigres, os cabalos, os hipopótamos, as llamas, os reptís.
Tamén no circo traballan os paiasos, os trepadores, os equilibristas e o presentador.

Adrián Delfín Mella Castelo 1º B



# FOMOS TODO O COLEXIO Ó CIRCO

Aparecen os trigres siberianos co domador. Fan moitos saltos e acrobacias e o final cun aro de fogo.
A continuación ven a trapecista e fai un espectáculo maravilloso con moita axílidade.
Despois ven o equilibrista que fai acrobacias cuns conos e esferas. Parecía que se fose a caer.
Os paiasos veñen cun silbalto e cuns globos que repartian a xente. Paseino moi ben
Os ponis e o paiaso, pois habia tres ponis e dous deles facían saltos e o treceiro facía burla ao paiaso.
As serpes e o caimán: unhas domadoras sacaron serpes e caimás, tamén habia unha nena pequena
O home bala foi lanzado dende un caño´n e foi a parar a unha rede.
O desfile de bandeiras ao rematar e cada participante levaba unha bandeira diferente.

Na miña opinión, todos fixeron o seu número moi ben, pero o que mais me gustou foron os tigres siberianos e o domador ( Carmen Omil)



(Ainoa Pascual)
4ºC


CONTOS
Contos


O coche voador
Había unha vez
un coche voador.
Que voaba e voaba.
estaba contento.
de vacacións
que disco.
von de vacacións.
vome
chao
chao
e disco vome.
Chao. Chao.
Ein



**Eloi**
**1º A**

## O PAXARO QUE NON SABÍA LER

Había unha vez un paxaro que vivía nunha vila que se chamaba Paxarela pero foise, non lle gustaba vivir alí. Camiñou moito e parou a zampar e a vila chamábase Vilamillo pero despois de zampar foise porque non sabía ler e a vila estaba chea de millo.

Seguiu e chegou a Cazapaxaros. Alí o trigo era cebo para cazar paxaros nas gaiolas pero o paxaro non era bobo porque ao ver as gaiolas volveuse á vila Paxarela.

***Marcos Fernández Pol 1ºB***



*Javier Martínez Muíño 1º B*

## DIALOGO DUN NENO CON FROITAS.

Neno- ¿Que boas estan as froitas?
Laranxa_ Temos vitaminas
Melon- ¿E somos moi doces?
Neno- Estamos para comervos.
Laranxa- ¿De postre o en zume?
Melon- ou de aperitivo com xamom.



Mónica García Vilariño 5ºA Nº4


Carmen Omil Nogales 4º C
Os Granxeiros
Estaba o granxeiro desallunando
¡Aiqiriquí!
¡Que rico!
Sae o granxeiro a ver a sua esposa
¡Muu
Vou a ordeñar a vaca
Eu vou montar a cabalo
E saíu a montar a cabalo e...
¡Vamos ao Porto
¡Si, vale!
IBERDROLA
IBERDROLA
ALLIANZ
Horas mais tarde
¡Que posta de sol tan bonita!
¡Si!
z z z

# "O  da Xustiza"

O meu tren da xustiza partiría da Barcala e iría por todo o mundo a repartir as mercadorías dos cinco vagóns. Nos vagóns levaría:

No Primeiro: **PAZ** para rematar coas guerras de todo o mundo. Todos temos dereito a vivir en paz.

No Segundo: **COMIDA** e **MEDICAMENTOS** para acabar coa fame e as enfermidades. Todos temos dereito a comer e vivir con saúde.




No Terceiro: **LIBERTADE** para acabar coa escravitude, coa tortura etc. Todos temos dereito a ser libres.

O cuarto: **IGUALDADE**, para acabar coas diferenzas é o racismo. Todos somos iguais.

No quinto: **EDUCACIÓN** para ensinar a todos a construir un mundo mellor.

É posible que o meu tren teña que dar máis dunha volta ou engadirlle máis vagóns, pero non debemos perder a esperanza. É por iso que non carguei ningún vagón con esperanza, porque non me importa dar todas as voltas que faga falta.

Lorena Sánchez Labandeira. 5º A

Lorena S. L.

# A BOLBORETA DE MIL CORES



Unha bolboreta
de cor gris,
voaba pola fraga
facendo "cris-cris".

¡¡Pobre bolboreta!!
– dicía unha gatiña –
ten unha cor tan triste,
parece unha ratiña.

O arco da vella
brila na fraga.
A bolboreta
no ceo choraba

O arco de mil cores
a bolboreta bicou,
agora ten tantas cores
como toda-las flores.




Vitoria Pan 6ºA.

## A CLASE FANTÁSTICA

Nun rincón agochadiño de Galicia, nun colexio chamado Portofaro, na clase de 4º C, había uns nenos, charlatáns algúns, intelixentes outros, altos ,baixos, louros.....mais todos bos compañeiros. Isto aconteceu.

O luns, cando facíamos a fila para entrar no colexio, vimos unha siluetas moi estrañas pola aula de 4º C, a nosa neste curso.

Cando abrimos a porta da nosa clase, atopamos o encerado novo tirado no chan e na parede unha porta secreta que parecía pecharse no momento de entrar.

Entón Helena abraiada díxonos:

_!Mirade rapaces que hai na parede¡-

E Luís díxonos:

_!Que medo¡ ¿qué é iso?¿ vedes o mesmo ca min?-

Lorenzo non paraba de tocar na parede e de súpeto abriuse a porta, todos quedamos abraiados e con pasos de formiga decidimos achegarnos a porta e entramos. Macarena que sempre queda atrás díxonos:

-Ide vos ,eu me quedo, ¡teño moito medo!-

Pero Águeda contestou:-Necesitamos a axuda de todos, veña ven connosco-

Andando atopamos un labirinto,a Yago, inspirándose nos contos colleu un fío, atouno nunha rocha e foino abrindo para seguir o camiño e poder volver.

Chegamos ao final do labirinto e atopamos unha biblioteca chea de po e todos nos fixamos nun libro gordo e vello, Águeda, Luís,Vuk e Helena achegámonos o libro e lemos o que puña: -Espíritos na clase nº 16-. Todos nos asustamos moito, pero seguimos lendo:-Cando un neno cae na clase 16, o seu espírito queda alí e polas noites estes espíritos espertan.

_¡ Pum! Saímos todos escopeteados con ruído do zapateo.

Pasou un mes, e xa nos esquecemos do que alí aconteceu, e facemos unha vida normal. ........................................................4ºC




Carlota 4ºC



# A PRIMAVERA



Na primavera as cerdeiras florecen, enchense os xar-dins de flores.



a primavera é fermosa e tamén hai moi-tas prantas.



¡que lástima! porque algunas veces chove.



a primavera
FIN

Uxía 1ª

# Había unha vez os tres porquiños



Habíaunha vez tres porcos que vivian en unha casa de Palla.



El lobo sopló a casa porque o lobo era moi malo echo la casa abajo.



Despois o lobo soplaba e soplaba e non caia a casa abajo porque era de ladrillo.



E despois a casa era de madera soplaba e soplaba e non caia abajo.

Mireya 1ºA

## O DIA EN QUE SE PARARON TODOS OS COCHES

Houbo un día no que os coches se pararon un a un, pero ninguén soubo porqué.

Ó cabo de 10 anos unha nena montou no coche da sua nai, esa nena chamabase María, tiña 8 anos e vivía na Coruña, era moura e con pecas, ía ao colexio e cando a nai quiso arrincar o coche, éste non obedeceu.

A nena e a nai pensaban que estaba estropeado, pero cando sairon a chamar a grúa, viron que todolos coches estaban parados na rúa.

María entón estrañouse, e por soposto a nai tamén, ¡ que raro era que todos os coches paráranse xuntos! Pensaron.

Tiveron que ir andando, e polas rúas casi nin se cabía.

Cando chegaron ao colexio todos falaban diso, María e os seus amigos planearon ir á árbore sacra para preguntarlle se era que estaba enfandado pola contaminación.

O sábado foron todos á árbore sacrae llo preguntaron.

A árbore dixo:

- Ceo negro, bosques cansos, árbore sacra enferma.

Os nenos sabían que a árbore era poeta e eso significaba algo.

Entón María dixo:

- Isto significa que a árbore esta decatándose de que o ceo está rompendo, os bosques non poden coa contaminación e por iso a árbore sacro enfermou.
- ¡¡¡Claro!!!! –dixeron todos a coro.
- Temos que anuncialo para que isto torne.

Os nenos llo dixeron aos pais, pero eles pensaron que estaban tolos.

Entón, o domingo foron xunta ó presidente e llo comunicaron.

O Presidente non foi menos que os pais en pensar que estaban tolos, pero era un tema especial para poder insinar a súa cara e para dicir o interesado que estaba pola natureza.

O anunciou a semana seguinte; pero os cidadans non estaban dacorde ca "teoría" querían a "práctica", para que non volvese pasar.

Os cidadans víronse obrigados a disminuir o abuso do coche.

María e os seus amigos foron visitar á árbore sacra e lles dixo:

- O ceo está azul, os bosques verdes e á árbore sacra comendo paspallás.

Os nenos entenderon que todo ía ven e puxéronse moi ledos.

Dende aquela, María ía sempre andando ó colexio e cando chegaba xuntábase cos seus amigos para planear a vindeira visita á árbore sacra.

Maianca Roel Valverde 5ºA

## "O merlo branco"

É a historia dun merlo que escapou da súa casa porque era de cor branco, e seus pais prezeriano negro.

Atopouse con varios paxaros pero ningún era coma él. Nunha cheminea volveuse negro, e contento regresou á casa.

Como seu pai quería gañar un concurso de cazar un merlo branco, no que o premio era comida, e seu fillo xa era negro, rebozouse en fariña, o mesmo tempo que cantaba. Faciao tan mal que púxose a treboar, e un raio desplumouno o mesmo tempo que voltaba branco ó seu fillo.

Aó velo o seu pai díxolle que o máis importante era que él era o seu fillo.

Acudiron ao concurso e o merlo branco gañouno.

Omar Candal. – 2º



## UN REGALO PARA PAPÁ NOEL

É Noiteboa: A casa está silenciosa. Os nenos están profundamente dormidos nas súas camiñas. De súpeto, un rítmico campanilleo rompe o silencio.

En seguida, pequenos pes descalzos corren a ventá, unha cabeciña chea de rizos métese entre as cortiñas e pega ó nariz contra o cristal conxeado, chamábase Dalia. Entón, dous grandes ollos... descobren un longo trineo, tirado por sete veloces renos e conducido por un groso e áxil conductor.

Papá Noel brinca do seu trineo, e vai colándose de casa en casa polas estreitas chemineas . Dalia xa se preguntaba moitas veces:

-Papá Noel trae regalos pero... pero a él, ¿a él quen lle trae regalos?

Dalia chegara a unha conclusión. Antes de que Papá Noel chegara á súa casa e baixara pola súa cheminea, estreita e cuadrada, tiña que ter un regalo, un hermoso e bonito regalo. Dalia cando se deu conta xa estaban caendo cinzas pola cheminea estreita e cuadrada .

Papá Noel non sabía que Dalia estaba esperta e saíu pola cheminea como se nada; en ese momento, entroú Dalia ó salón e Papá Noel viuna e dixo:

-¿Qué fas aquí e esperta a estas horas ...?

-Verá señor Papá Noel, estaba esperándoo. E que quería preguntarlle: Vostede dalle regalos a nenos e nenas, homes e mulleres, ¿pero a vostede quen lle da regalos? ¡eh! ¿quen?

-Verás pequena , a min non me traen regalos. Pero meo millor regalo é verte feliz a ti, igual ue a todolos nenos e nenas do mundo, mundial .¿non cres?

-Sí pero, de todalas formas eu dixen este debuxo para vostede , non é moito, pero...

-¿Claro que é moito! e a primeira vez que me fan un debuxo así e tan chulo. Toma os teus regalos e os dos teus pais pero xa sabes, ata mañá ...

-Xa o sei non se abren. Foi un placer conocerte, adeus, botareite de menos.

-O mesmo digo, Dalia, o mesmo digo.

Xa vedes, o regalo de papá Noel un debuxo ben feito con el facendo feliz a xente. ¡un regalo inesquecible!.

**FIN**

Alba Reboredo Sanchéz 5ºA

## ALICIA NO PAÍS DAS ROSQUILLAS

Sei dunha lenda que conta que hai moitos anos unha rapaza chamada Alicia, mentres comía unha rosquilla, encolleu tanto, tanto… que era mais pequena ca rosquilla.

A rapaza, asustada, non sabía que facer e meteuse na rosquilla, alí atopouse con moitos grans de azucre que lle decían:

-Alicia, eres a elexida, como nós temos tanto azucre e non nos queren comer porque din que facemos engordar, preguntábamonos se ti, que fas ben as rosquillas, axudaríasnos a facer rosquillas "Light".

-Claro que sí –respondeu Alicia- fareinas; pero antes, ¿podedes devolverme ó meu tamaño normal?

-¡¡Claro!! –dixeron moitos grans a coro- non nos percatáramos diso, disculpa.

Alicia fixo as rosquillas como lle pediran e así comenzou a fabricación de "larpeiradas Light".

*Preguntome se esta lenda será berdade aínda que supoño que nunca o saberei.*

PAULA SAAVEDRA RECOUSO 5 ª

# OS MARCIANOS ESTUDIAN O MUNDO

Erase unha vez un grupo de marcianos que estudiaron o mundo
Un bo día o capitán dixo:
-Ti de vixiante e ti de vixiante tamén.
E fixéronlle caso.



O capitán decidiu explorar o mundo.
-Rapaces hai que vixiar ben o castelo e que non entre ninguén.



Loitaron e loitaron ata que nadie os venceu.

Mulca, que é o capitán foi á sala de foguetes escolleu un e explorou o mundo.




Javier Martínez Muíño 1º B

# RECUNCHO DA POESÍA



## Poesía: "A CONTAMINACIÓN"



A contaminación
produce destrucción.
Se coidamos o planeta,
¡dará unha voltereta!
Se poñemos o volumen moi alto
non daremos un salto
Tampouco podemos saltar
se contaminamos o mar.
Pero se mantemos o planeta limpo
¡daremos un gran brinco!
Se coidamos a natureza
¡usaremos a cabeza!
Se non queres a extición
¡buscaremos unha solución!

Nenos e nenas de 2º de Primaria.



## OS POEMIÑAS de Águeda



Unha palmeira
ben remendada
ca cor verde
xogaba.

Lúa, lúa, lúa
fermosa que durmes
cada día
nunha nube rosa





Estrela fugaz
de ollos pintados
de ouro e prata
e cores dourados

Un cinseiro
entre camillas
daba calor a
aquelas nenitas.



Dunas de pedra
dunas de amor
chega ao alto
do meu corazón

Dunas de ouro
dunas de paz
vai aló lexos
e atoparás
os teus desexos.






Águeda Paz Pombal 4ºC

# ~*~*~*~*~*~ POEMA DO MAGOSTO ~*~*~*~*~*~



Do Courel saíndo, a seis días,
non menos por lixeiro que se ande,
E dende Riós as mesmas alegrías,
Ao pé dunha sombra moi grande
do máis vello e máxico castiñeiro
achéganse trasgos do mundo enteiro.

A noite é de Difuntos
no Souto de Demos,
xúntanse meigas e trasgos,
fadas, enfeitizados e menciñeiros.



Ó achegarse fuxe o lusco,
a lúa empeza a triscar,
entón chega o fusco
con casatañas para asar.

A xantar veñen a este Magosto
algún máis vivo que morto.
Algún máis morto que vivo
a este Magosto veñen chapar,
para o bandullo abarroutar.

6º-B-6º-A






De 5 anos A


María Mariño.
MARÍA MARIÑO CAROU NACEU EN NOIA NO ANO 1907.
¡BUA, BUA!
COMO VIÑA DE FAMILIA POBRE, TRABALLO COMO COSTUREIRA DENDE MOI NENA
VISITABA MOI A MIÚDO A BIBLIOTECA DO PAZO DE GOIÁNS (BOIRO), ONDE TRABALLABA A SÚA TÍA. ALÍ SE AFICCIONOU Á LITERATURA.
CASOU EN BOIRO CON ROBERTO POSE (MESTRE) E DESPOIS DA BODA MARCHOU A ROMER, DE ONDE TIVO QUE MARCHAR PARA IR A PARADA DO COUREL
SI QUERO.
SI
EN PARADA DO COUREL ESCRIBIU OS SEUS LIBROS: "PALABRA NO TEMPO" E "VERBA QUE COMENZA"
MORREU EN PARADA DO COUREL NO ANO 1967. OS SEUS RESTOS PERMANECEN NO CEMINTERIO DE SEOANE DO COUREL.
MARIA MARIÑO·
(1907-1967)
INÉS PÉREZ PARDAVILA 6º-B




Entrevista

Entrevistada: Rosario Varela Saavedra
(bibliotecaria dos Templarios - Cambre)
Entrevistadora: Eva Mª Montero 4º B





Rosario, á que se coñece como Charo, é unha persoa moi amable, simpática, colaboradora e moi pacente cos nenos; todos os que a visitamos ~~amiúdo~~, sabemolo.

P. R.

1 ¿Cantos anos levas como bibliotecaria?

Levo doce anos.

2 ¿Que é o que mais che gusta do teu traballo?

Estar en contacto coa xente, ter a posibilidade de que pasen polas miñas mans materiais moi de actualidade...

¿E o que menos?

Non hai nada que non me guste.

③ Se non houbeses sido bibliotecaria ¿Que che gustaria facer?
Me houbera gustado ser abogada.

④ ¿En que che gustaria mellorar a biblioteca?
En poder ter mais actividades de animación tanto para nenos como para adultos, en que tivesemos mais presuposto para ter mais audiovisuais.

⑤ ¿Que che gusta facer no teu tempo libre?
Gustame moito ler, camiñar e ir ao cine

⑥ ¿Tes algunha anecdota?
Non teño ningunha.

⑦ ¿Este traballo quitache moito tempo libre para estar coa tua familia?
Eu traballo unha xornada como calquera traballador pero dado o tipo de traballo que realizo procuro, no meu tempo libre acudir a conferencias, charlas, ler publicacións...

(8) ¿Como se portan os nenos cando veñen aquí?

Xeralmente, ben.

¿Perdes moito a paciencia?

Non, porque gústanme moito os nenos.

¿E os pais?

Os pais, ben.

(9) ¿Soen devolver os libros puntualmente?

A gran maioría dos usuarios si, pero hai un grupo que é reincidente á hora de devolver os libros fora de plazo.

(10) ¿Cres que son suficientes as bibliotecas que hay en Cambre?

En comparación con outros concellos e tendo en conta o número de habitantes que ten o noso, o número é aceptable.

Pero non estaría mal que contasemos con axencias de lectura no resto das parroquias.

Eva Mª 4ºB




## Semana Santa

Esta Semana Santa paseina cos meus pais, meus tíos
Suso e Jacky e coa miña avoa Celsa. Con eles fun
as Illas Cíes e grazas a esa viaxe dinme conta
de que non fai falta facer grandes viaxes para
coñecer sitios bonitos. Eu estou moi contento desta viaxe,
fun en barco, comín na illa e dinme un baño. Pero
outra xente tenlle mais aprecio por exemplo a unha
illa no Caribe que as Cíes, por iso moitos galegos
non coñecen casi nada Galicia nin as súas fermosas
paisaxes. Outro día fun ao Cabo Vilán, un faro
que está na Costa da Morte, o que mais me gustou
foi a viaxe por toda a costa, chegaba un momento
que mirando para o mar non o diferenciabas do
ceo. E por último fun a Camariñas, a mestra dos
encaixes e todo isto sen saír de Galicia

Miguel Marcos González – 4º A

# O PLÁSTICO

Si miramos ó noso redor vemos moitísimos obxetos fabricados con plástico, por exemplo: xoguetes, envases, e incluso roupa, xanelas de PVC, vasos...

O plástico é unha substancia artificial procedente do petróleo, da sal e outras substancias naturais

Se lle pode dar forma grazas ás súas propiedades: elasticidade e flexibilidade.

Ademais é barato, impermeable, lixeiro, inerte, resistente ao lume, doado de traballar, illante, contaminante e casi imposible de eliminar como residuo: tarda 150 anos en descompoñerse.

Pódese reciclar e para axudar non debe estar sucio.

Algunhas tendas e supermercados axudan a coidar a Natureza usando bolsas de papel ou cobrando por elas para que non se usen tanto.

Podemos axudar todos nos, esforzándonos por usar menos plástico e suplilo con cousas naturais: bolsas que usemos unha e outra vez ou envases naturais. A terra é nosa, debemos mirar por ela, é a nosa casa.





¿Como queremos vivir?

Eso depende de nós. 4ºB

Eva R. y Lidia N


Un día da miña vida
desayuno
casa
Casa: almorzo 8h
ida para o colexio
colexio 9h
Traballo
Traballo 9-2h
xantar
casa
descansar
casa: xantar, descansar 2-4h
parque
saída: parque 5-8
cea
tv
casa
ler
cama
9-10 casa: cea, TV, ler, cama
Iria 5ºB



Ovos Fritidos con Patacas

1- Ponse unha sartén cun pouco de aceite e deixase quentar.

2- Despois cáscanse os ovos nun prato e gritense, botando cunha culler o aceite por riba deles

3- Quítase, coindando que non repan, e ponse nun prato

4- As patacas, córtanse en cadros ou en tiras, tamén se griten

5- Poñemos as dúas cousas xuntas un chisco de sal

¡Que rico!







**Sandra**
**5º B**

# CHISTES

- Doctor, estou preocupado porque teño doble personalidad
-¡Oh!, non se preocupe, séntese e charlaremos os catro

O coronel:
-Meu xeneral, hemos perdido a batalla.
O xeneral:
-¡Pois búsquena!

¡Veñen os indios, meu xeneral!
-¿Son amigos ou enemigos?
-Deben ser moi amigos porque veñen todos xuntos.

- Mamá, hoxe non quero ir a escola
¿Que che pasa, fillo?
Pois mira, primeiro teño sono, segundo que aburrome e terceiro riense de min.
¿Sabes que che digo? que tes que ir. Primeiro porque e a tua obligación, segundo porque xa tes trinta e cinco anos e terceiro porque es o director.

Alba Becerro Rial 5ºB

# CAMBRE, A PAÍSAXE MÁIS FERMOSA DA CORUÑA.

PODERÁ DESFRUTAR:



- DO FERMOSO EMBALSE.
- DO GRAN PANTANO.
- DA BELÍSIMA FRAGA.

VISITAS IMPRESCINDIBLES:

- O INTERESANTE MUSEO ARQUEOLÓXICO DE CAMBRE.



ALOXAMENTOS:

EXISTEN DIVERSOS HOSTAIS E PARADORES QUE SON CONFORTABLES E AGRADABLES.



- A FERMOSA IGREXA ROMÁNICA, TAMÉN SITUADA EN CAMBRE (CENTRO).

¡¡DESCANSO GARANTIDO!!

Nair Meilán, Inés Pérez, Mª Laura álvarez

# Concello de Cambre:

## Prestaciones:

Hoteis: O concello de Cambre dispón de varios hoteis de duas e tres estrelas con un moi bo servicio.

Restaurantes: Existen varios restaurantes e parrilladas donde a comida e excelente e o prezo inmellorable.

Ocio: En Cambre pódense encontrar miles de tendas dende textil ata a comestibles.

Cultura: Pódese encontrar iglexas, o museo romano e moitas esculturas adicadas a importantes persoaxes da Historia.

Espacios naturais: O encoro de Cecebre ou o pantano é unha gran mostra da gran natureza que garda Cambre.

Para os pescadores existe no encoro un rato de pesca, e para os cazadores, na fraga tamén poden pasar un bo rato practicando o seu deporte favorito.

| Parroquia | Nº Habitantes | Porcentaje | Media Edad |
|---|---|---|---|
| Anceis | 1.274 | 5,6% | 45 |
| Andeiro | 316 | 1,4% | 43 |
| Brexo-Lema | 884 | 3,8% | 43 |
| Bribes | 830 | 3,6% | 44 |
| Cambre | 6.794 | 29,8% | 36 |
| Cecebre | 1.421 | 6,2% | 45 |
| Cela | 438 | 1,9% | 40 |
| San Lorenzo | 223 | 1% | 42 |
| Pravio | 878 | 3,8% | 44 |
| Sigras | 1.536 | 6,8% | 43 |
| O Temple | 7.943 | 34,6% | 36 |
| Stª Mª de Vigo | 327 | 1,4% | 49 |




Santiago Lago Rey, Diego Novelle Fernández, Víctor Rodríguez Vilariño

# PAISAJES DE CAMBRE

## O PANTANO DE CECEBRE

Podréis encontrar especies de peixes (truchas, anguías, carpas ...) E anfibios e réptiles.
Na época de Outono e inverno é cando podedes contemplar en todo o esplendor á concentración de aves (Ánades, Cormoráns, Garzas, fochas ...)



# FESTAS, E FERIAS EN CAMBRE



FEIRA: Celebrase o día 2 e o terceiro domingo de cada mes.
Lugar de encontro e venda de productos tradicionais neste tipo de mercado.

FESTAS:

- Cambre "Nosa Señora" -> 15 de Agosto
- Meixigo "San Lourenzo" -> 10 de Agosto
- Pravio "San Xiao" -> 24 de Xuño
- Cela "Virxe do Carme" -> 16 de Xulio
- Sigrás "Santiago Apostolo" -> 25 de Xulio
- Cecebre "San Salvador" -> 6 de Agosto
- Vigo "Santa María" -> 10 Agosto

Lara Fernández López, Miriam Mata López, Tatiana Suárez Olveira

(Igrexa de
Santa María de Cambre)



¿Gustache a antiguedade romana?

Pois veña a Cambre.

Coñeza os restos romanos: a ponte romana (O Pasaugas) ou a igrexa de Santa María de Cambre (no centro de Cambre).

(Ponte romana)



Jesus Painceiras, Ivan Bugallo, Rubén Carril, Gabriel José Gómez